

**Resolución do XX de XXX de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao Grupo III, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.**

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establecen as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario.

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

A presente convocatoria asínase polo director xeral da Función Pública ao abeiro do establecido na Orde do 8 de xaneiro de 2020 da Consellería de Facenda sobre delegación de competencias na Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 16 de 24.01.2020).

De conformidade co establecido no Decreto 225/2020, do 23 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público corresponde a prazas de persoal funcionario e laboral da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm.260 do 29 de decembro), no Decreto 217/2022, do 22 de decembro polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 245, do 27 de decembro) e no **Decreto**

**XXX de XXXXX** con respecto das prazas que figuran e sen prexuízo de convocatorias posteriores se resultase necesario, esta consellería no uso das competencias que lle atribúe a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (en diante LEPG),

**DISPÓN:**

Convocar o proceso de funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pertencente a diversas categorías e postos do Grupo III, para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B.

**I. Normas xerais.**

I.1. O obxecto deste proceso é permitir o cambio do vínculo xurídico do persoal laboral fixo que ocupa algúns dos postos sinalados no anexo II á condición de persoal funcionario de carreira dos corpos e escalas, pertencentes ao grupo B e subgrupo C1, que se relacionan no anexo I, pola quenda de prazas afectadas polo proceso de funcionarización.

O proceso consta dunha proba tipo test e dunha fase de concurso de méritos.

I.1.1 A este proceso serálle aplicable o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP), a LEPG, o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

**I.2. Requisitos das persoas aspirantes.**

Para ser admitidas no proceso de funcionarización, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

I.2.1. Ser persoal laboral fixo da Xunta de Galicia das categorías establecidas no anexo I, que ocupe un posto dos establecidos no anexo II.

I.2.2. Reunir os requisitos xerais establecidos para o acceso aos corpos e escalas de Administración xeral e especial da Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso deberán estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica establecida no anexo I.

I.2.3. Figurar na listaxe de postos que figura, para cada corpo ou escala, como anexo II á presente convocatoria.

I.2.4. Todos os requisitos deberán posuírse na data de expiración do prazo de presentación de solicitudes de participación neste proceso e deberán manterse ata o momento da toma de posesión como funcionario de carreira, agás o requisito de ocupar un posto de traballo clasificado como de persoal funcionario de carreira que deberá cumplirse antes da toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

I.2.5. Non poderá participar no proceso de funcionarización o persoal laboral fixo que teña ademais a condición de funcionario de carreira dos corpos ou escalas obxecto desta convocatoria.

I.2.6. Consonte o recollido na Disposición transitoria única do Decreto 165/2019, mentres non se produza a desenvolvemento regulamentario do grupo B, a funcionarización do persoal proposto para adquirir esa condición en dito grupo, producirase no subgrupo C1.

I.2.7. No caso de participación no presente proceso de funcionarizacion de persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero habilitaranse as medidas necesarias para garantir a protección dos seus datos persoais.

### I.3. Solicituds.

O persoal laboral fixo que desexe participar no proceso deberán facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado gratuitamente na Internet.

O prazo para formalizar telematicamente as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Forma de cubrir a solicitude:

O modelo de solicitude estará á disposición no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), no seguinte enderezo: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/funcionarizacion>. A persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), DNI electrónico ou Chave 365.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán consignar todos os datos que aparecen na pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

As persoas aspirantes deberán indicar na solicitude se o texto da proba deberá entregarse en idioma galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude non poderá ser modificada.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo expresamente na solicitude, e especificar o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización da proba.

Se a solicitude derivase dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitar a adaptación necesaria no prazo dun mes dende que se producise o feito causante e, en calquera caso, nas 24 horas seguintes á publicación da convocatoria para a realización do exercicio en que proceda a súa aplicación.

Poderán indicar na mesma epígrafe da solicitude a presenza durante a realización da proba de atención médica especializada. Neste suposto, deberán presentar antes do remate do prazo fixado, o orixinal ou a copia debidamente compulsada do informe médico que acredeite a necesidade da dita medida.

Para calquera aclaración ou información sobre o proceso de inscrición as persoas aspirantes disporán de axudas e formas de contacto específicas en cada pantalla.

#### I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública aprobará as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no DOG, con indicación das causas de exclusión que procedan e do lugar en que se atoparán expostas.

I.4.2. As persoas excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou alegar o que estimen procedente.

A estimación ou desestimación das peticións formuladas entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral da Función Pública, que será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

## II. Proceso.

### II.1. Proba tipo test.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test extraídas da batería de preguntas correspondentes ao subgrupo C1 que se atopa publicada no portal web corporativo no seguinte endereço electrónico: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/funcionarizacion>.

A batería de preguntas, coas modificacións realizadas, será a que figure no portal web o día da publicación da presente convocatoria do DOG.

O cuestionario conterá cinco (5) preguntas de reserva, que substituirán, se fose o caso, as anuladas pola súa orde. As preguntas terán tres (3) respuestas alternativas, das que só unha (1) será a correcta.

A proba terá unha duración máxima de cen (100) minutos.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respuestas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido da

proba e as respostas correctas no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

O exercicio cualificarse como "apto" ou "non apto" e para obter a cualificación de "apto" será necesario obter o número mínimo de preguntas correctas que determine a comisión de funcionarización, para o cal se terá en conta que as respostas incorrectas non descontarán.

Para o desenvolvimento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquellas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples.

A realización desta proba non terá lugar antes dos dous (2) meses posteriores a data de publicación desta convocatoria no DOG.

## II.2 Concurso de méritos

II.2.1 O concurso de méritos consistirá na valoración, ao persoal laboral fixo que resulte apto na proba de coñecementos tipo test, dos seguintes méritos:

a) Antigüidade: Os servizos serán valorados por meses de 30 días a razón de 0,05 puntos/mes.

Para estes efectos calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarase o cociente, desprezando os decimais, por 0,05.

Computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.

A puntuación máxima por este apartado será de 12 puntos.

b) Nomeamento na categoría de acceso á condición de persoal laboral fixo: 2 puntos

II.2.2 O concurso de méritos será cualificado de "apto" ou "non apto" e para superalo será necesario acadar unha puntuación mínima de 6 puntos entre todos os apartados do baremo puntuables.

II.2.3 Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación da presente convocatoria.

II.2.4 Cos datos do baremo anterior proporcionados pola Dirección Xeral da Función Pública, a comisión de funcionarización procederá á baremación provisional do concurso de méritos e publicarao no DOG, con indicación da cualificación de "apto" ou "non apto". Contra a baremación provisional poderase presentar reclamación ante a propia comisión de funcionarización no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no DOG.

A comisión contará co apoio técnico necesario do persoal da Dirección Xeral da Función Pública.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións, a comisión procederá á publicación no DOG da baremación definitiva do concurso de méritos.

### II.3. Desenvolvemento da proba tipo test.

II.3.1. A orde de actuación das persoas aspirantes, de ser necesario, iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra "V" de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 18, do 26 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado.

II.3.2. As persoas aspirantes deberán presentarse á proba provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo da comisión acredite a súa identidade.

II.3.3. A proba realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, as que integran a comisión e as designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como persoal colaborador.

II.3.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requeridas pola comisión para acreditar a súa identidade.

II.3.5. O chamamento para a proba será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas do proceso.

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coa data de realización da proba, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento da comisión, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous (2) días hábiles seguintes ao anuncio da data da proba e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso da comisión ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

A comisión acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso.

II.3.6. O anuncio de realización da proba publicarase no DOG e no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), con dous (2) días hábiles, polo menos, de antelación á sinalada para o seu inicio.

II.3.7. Se a comisión, de oficio, ou en base ás reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar, nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba tipo test, anulase algunha ou algunas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección, publicarao no DOG.

II.3.8. Os listados de persoas aspirantes aptas/non aptas publicaranse no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal). Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución da comisión pola que se fan públicas as cualificacións da correspondente proba.

II.3.9. En calquera momento do proceso, se a comisión tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarallo á Dirección Xeral da Función Pública para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu

cumprimento. No caso de que non se acredeite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública proporá a súa exclusión do proceso ao órgano que convoca, que publicará a orde que corresponda.

### III. Comisión de funcionarización.

III.1. A comisión de funcionarización será nomeada por Orde segundo o establecido no artigo 59 da LEPG, o artigo 60 do TRLEBEP, o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, e o artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

III.2. As persoas que formen parte da comisión absteranse de intervir cando concorran nelas as circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada á Dirección Xeral da Función Pública.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar aos integrantes da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

III.3. A partir da sesión de constitución, a actuación válida da comisión requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus integrantes, con presenza en todo caso da Presidencia e da Secretaría.

III.4. O procedemento de actuación da comisión axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, na orde pola que se crea e supletoriamente nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e demais normativa aplicable.

III.5. Por cada sesión da comisión levantarase unha acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da Secretaría e o visto e prace da Presidencia.

III.6. A Presidencia da comisión adoptará as medidas oportunas para garantir que a proba do proceso sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

A comisión excluirá a aquelas persoas en cuxa proba figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración da proba tipo test deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

III.7. A comisión adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar a proba que as restantes aspirantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

III.8. A comisión terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Para os efectos do previsto no dito Decreto, entenderase que o nomeamento como membro da comisión implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

III.9. Os acordos adoptados pola comisión poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

III.10. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes á comisión dirixiranse á Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral

da Función Pública (edificio administrativo de San Caetano. Santiago de Compostela).

IV. Listaxe de persoas declaradas aptas, presentación de documentación e nomeamento como persoal funcionario de carreira.

IV.1. Unha vez rematado o concurso de méritos, a comisión publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso de funcionarización, con indicación do seu DNI e proporá o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Á vista da proposta anterior, a Dirección Xeral da Función Pública requirirá, con indicación da documentación que deberán achegar para a súa acreditación, a aquellas persoas aspirantes, que tendo superado o proceso de funcionarización, non acreditan de xeito suficiente posuír todos os requisitos para ser nomeados funcionarios de carreira, para que no prazo de vinte (20) días hábiles presenten a documentación requerida.

IV.2. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación á que fai referencia o punto anterior ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. non poderán ser nomeadas persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.3. As persoas aspirantes que superen o proceso de funcionarización e teñan acreditada a posesión de todos os requisitos necesarios serán nomeadas persoal funcionario de carreira mediante unha orde da persoa titular da consellería competente en materia de función pública que se publicará no DOG.

IV.4. Na mesma orde de nomeamento á que fai referencia o punto anterior estableceranse os prazos e o procedemento para a toma de posesión como persoal funcionario de carreira, para o que será requisito imprescindible subscribir un acordo de extinción do contrato de traballo que estará condicionado á dita toma de posesión.

IV.5. A toma de posesión efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando como persoal laboral.

O persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización dende un destino con carácter provisional tomará posesión como persoal funcionario de carreira con ese carácter.

O persoal laboral fixo ao que se lle adxudicase un posto de traballo ao abeiro do disposto no artigo 7.4 do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, así como o persoal laboral fixo ao que se lle adxudicase un posto de traballo ao abeiro do artigo 7.4 b) do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, adquirirá a condición de funcionario de carreira dende a categoría profesional na que se realizou a dita adxudicación, e sen prexuízo da compatibilidade ou non da correspondente pensión de incapacidade que tivesen recoñecida.

IV.6. A toma de posesión como funcionario de carreira terá como consecuencia a extinción da vinculación laboral coa Xunta de Galicia únicamente respecto do posto obxecto de funcionarización, conservando as excedencias concedidas noutras categorías laborais antes da adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.

## V. Disposición derradeira

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José María Barreiro Díaz

Director xeral da Función Pública

(PD Orde do 8 de xaneiro de 2020 ,DOG núm. 16 do 24.01.2020)

### **ANEXO I**

#### **Relación de categorías do grupo III de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización**

Categoría	Prazas	Corpo	Escala	Titulación requerida
2 Encargado/a administrativo, Xefe/a de negociado, Xefe/a de administración (...)	2	Administrativo de Administración xeral	Sen escala	Bacharel ou Técnico
5 Intendente, Encargado/a de establecemento, Encargado/a de almacén	4			
32 Encargado/a de reprografía	1			
38 Supervisor/a radioteléfono. Xefe/a de sala CECOP	1			
48 Axudante auxiliar de inspección tributaria	1			
62 Oficial/a 1ª administrativo/a, oficial/a, secretario/a administrativo/a (...)	15			
69 Oficial/a servizos técnicos. Oficial/a de mantemento. Oficial/a 1ª (...) Persoal do IET	2			
30 Programador/a	2			
91 Técnico/a especialista en informática	23			
49 Axente auxiliar de inspección de transportes	3			
9 Técnico/a práctico/a en control e vixilancia de obras, explotación e conservación de estradas	1	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial	Técnica da mantemento de servizos	Técnico na rama de instalación e Mantemento ou na rama de Electricidade e Electrónica ou en Mecánica e Electricidade do automóbil
23 Celador/a de estradas. Capataz de brigada	1			
60 Auxiliar técnico/a de obra. Auxiliar técnico/a de obra TIE	1			
67 Capataz de obras, capataz de cuadrilla. Xefe/a de equipo. Oficial/a 1ª obra CTOP. Capataz	5			
1 Encargado/a de equipos mecánicos. Mecánico/a supervisor/a (...)	3			
6 Xefe/a de servizos técnicos. Encargado/a de mantemento (...)	7			
69 Oficial/a servizos técnicos. Oficial/a de mantemento. Oficial/a 1ª (...)	4			
82 Mecánico inspector. Oficial 1ª	1			

mecánico/a. Técnico/a auxiliar				
11 Encargado/a agrario/a	2			
68 Oficial/a 1ª agrario/a. Capataz agrario	5			
80 Capataz establecemento	3		Técnica de recursos naturais e forestais, Especialidade de capataz	Técnico na rama agraria ou na rama de recursos naturais. Carné, autorización ou licenza que sexan necesarios para o manexo dos vehículos dos vehículos e da maquinaria
65 Oficial/a 1ª de cociña. Oficial 1ª cociñeiro/a. Xefe/a cociña. Cociñeiro/a de 1ª	18		Técnica de cociña	Técnico na rama de hostalaría
17 Analista de laboratorio	19		Técnica de análise de laboratorio	Técnico na rama de sanidade, química ou marítimo pesqueira
63 Oficial/a 1ª condutor/a. Condutores/as	49		Técnica de conducción	Bacharelato ou equivalente e carné, autorización ou licenza que sexan necesarios para o manexo dos vehículos
90 Animador/a sociocultural	2	Técnicos de carácter facultativo de Administración especial (grupo B)	Axentes técnicos facultativos, especialidade de animación sociocultural	Técnico superior en Animación Sociocultural e Turística ou equivalente
50 Técnico/a especialista en xardín de infancia (técnicos/as superiores en educación infantil)	12		Axentes técnicos facultativos, especialidade de educación infantil	Técnico superior en Educación infantil ou equivalente
100 Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada	21		Técnica do SPDCIF, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada	Técnico superior en Xestión forestal e do Medio Natural ou equivalente e carné, autorización ou licenza que sexan necesarios para o manexo dos vehículos
29 Delineante de 1ª	1		Técnica de delineantes	Técnico superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño e Edición de Publicacións impresas e multimedia ou equivalentes

4 Gobernante/a, Gobernante servizos domésticos, Encargado/a de lavadoiro, roupeiro, ferro de pasar	4	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial	Técnica de gobernantes, especialidade gobernante/a	Técnico na rama de hostalaría e turismo
78 Subgobernante/a	3			

## ANEXO II

### Buzón de postos

Categoría 02	Encargado/a administrativo/a Xefe/a negociado Xefe/a administración ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MAA992000015001041	***2973**	C	P	D
	MRC991000036001240	***0322**	G	T	F

Categoría 05	Intendente Encargado/a establecimiento Encargado/a almacén	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PSC994080115570054	***5261**	A	P	C
	PSC994080115350035	***4088**	C	F	A
	EDC994030627001030	***4180**	N	L	J
	PSC994080036560089	***2380**	R	D	L

Categoría 32	Encargado/a de reprografía	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PXA110000215770290	***7098**	P	R	J

Categoría 38	Supervisor/a radioteléfono Xefe/a sala do CECOP	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PRC991000027001215	***0460**	F	M	M

Categoría 48	Axudante auxiliar inspección tributaria	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	FCA291000036560020	***8155**	A	P	M

Categoría 62	Oficial/a administrativo/a Oficial/a 1ª administrativo/a ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MAA992000027001060	***5734**	A	G	P
	PSC994090127560091	***5906**	A	L	J
	EDC994030936001001	***0343**	A	N	M
	INO110010015001021	***3655**	A	P	M
	EIC992000032001013	***0434**	C	L	F
	EDC994020136240001	***1701**	F	B	M
	MRC991000015001063	***6716**	L	R	A
	INO110010015001020	***3560**	M	S	M

EDC995010136560011	***3214**	N	G	M
PXA294040136001005	***9112**	P	A	R
PSC994090136440111	***1749**	P	M	M
EDC994030136220001	***3777**	R	F	M
PSC994080036560110	***2084**	V	M	A
PXA110000215770287	***8231**	L	R	M
PXA110000215770285	***3347**	N	A	V

Categoría 01	Encargado/a de equipamentos mecánicos Mecánico/a supervisor/a ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MRC991000036001200	***1880**	A	F	J
	PRC020000515770140	***0730**	C	R	R
	EIC991000032001450	***4824**	D	F	J

Categoría 06	Xefe/a servizos técnicos Encargado/a de mantenimento ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MAO310000015770150	***7994**	C	C	F
	PRC030000136001301	***5318**	F	B	J
	IVA191000027001109	***6924**	L	B	J
	EDC994090115350200	***7653**	L	P	J
	PRC030000115001153	***0711**	M	S	J
	PSC994080036560086	***0379**	P	C	M
	PRC030000115001152	***6099**	R	D	A

Categoría 69	Oficial/a servizos técnicos Oficial 1ª mantenimento ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MAO310000015770155	***3903**	D	T	J
	PSC994010115080018	***4420**	G	C	J
	PEC994030115350063	***1266**	M	R	J
	MAO310000015770157	***5687**	P	L	M
	MRA110000315770100	***8544**	R	C	J
	PSC994080036560103	***0392**	S	C	J

Categoría 82	Mecánico/a inspector/a Oficial 1ª mecánico/a ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	EIC991000032001460	***5215**	F	B	J

Categoría 09	Técnico/a práctico/a en control e vixilancia de obras, explotación e conservación de estradas	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	IVA191000036001231	***0200**	F	V	J

Categoría 23	Celador/a de estradas Capataz de brigada	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	IVA191000015001147	***6866**	A	L	J

Categoría 60	Auxiliar técnico/a de obras Auxiliar técnico/a obra TIE	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	IVA191000027001119	***4503**	P	C	J

Categoría 67	Capataz de obrasCapataz cuadrilla ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	IVA191000027001155	***1045**	F	G	M
	IVA191000015001166	***5234**	N	M	V
	IVA191000015001165	***8147**	P	C	J
	IVA191000032001182	***3549**	R	B	A
	IVA191000015001173	***0588**	S	F	J

Categoría 11	Encargado/a agrario/a	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MRA112600315010162	***9485**	F	T	X
	MRA112200327500013	***4217**	V	V	J

Categoría 68	Oficial/a 1ª agrario/a Capataz agrario	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MRC050010432260115	***6862**	F	R	A
	MRA112600315010185	***0758**	L	B	R
	MRA112600315010186	***9673**	P	G	J
	MRA112600315010183	***1854**	S	C	M
	MRA112600315010194	***3069**	T	F	X

Categoría 80	Capataz de establecimiento	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MAC993003015580008	***9582**	B	C	J
	MAC994030115570030	***9164**	D	S	V
	MRC995510132570001	***9230**	M	S	M

Categoría 65	Oficial/a 1ª cociña ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	TRC994040127001018	***5747**	B	C	M
	EDC994010227190001	***6556**	B	R	J
	EDC994030215740036	***1280**	B	R	A
	TRC994040215001015	***3869**	C	S	M
	EDC994010132250001	***8203**	D	R	R
	PSC994030136001038	***9549**	E	F	M
	EDC994010115150001	***1319**	F	G	A
	EDC994010127330001	***1155**	F	P	M
	EDC994020115770017	***5641**	F	V	G
	EDC994010136100005	***2666**	I	P	M
	EDC994010632001001	***2025**	I	P	G
	PSC994021032001017	***3094**	I	S	T
	MRA112100315120022	***9428**	L	B	A
	TRC994040127190015	***9415**	M	D	A
	EDC994010132820001	***0418**	P	F	A
	EDC994010115300001	***6060**	P	P	J
	TRC994040415001013	***5714**	S	G	M
	TRC994040115001004	***6763**	V	C	J

Categoría	Analista de laboratorio	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
-----------	-------------------------	-----	--------------------	--------------------	--------------

17					
	MRC050010127001066	***3510**	A	R	O
	PEE01000036590066	***9182**	A	S	D
	SAS994010015770020	***4095**	B	B	P
	PEE01000036590068	***6315**	C	H	M
	PEE01000036590065	***5685**	C	R	F
	PEE01000036590069	***8275**	C	R	A
	PEC994020136600053	***9282**	F	B	M
	PEE01000036590102	***4821**	G	M	V
	PEE01000036590104	***9203**	G	R	I
	EIC99100027001450	***1932**	G	S	J
	PEE01000036590103	***6563**	M	B	M
	PEC994020136600058	***4332**	M	C	M
	PEE01000036590082	***9119**	M	L	A
	PEE01000036590096	***0991**	M	M	M
	PEC994020136600055	***1379**	M	P	B
	PEE01000036590074	***5484**	M	R	S
	EIC030020015001001	***3596**	R	D	M
	PEC993000015720050	***5864**	R	T	M
	SAS994010015770027	***5669**	V	C	M

Categoría 30	Programador/a	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PXA110000215770014	***4886**	M	C	J
	PXA110000015770082	***0699**	M	B	R

Categoría 91	Técnico/a especialista en informática	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	SAC991000036001033	***1284**	A	F	F
	FCA291000027001029	***4425**	B	N	I
	PXA110040115001038	***3155**	C	B	A
		***3459**	C	E	J
	PXA110000215770064	***2353**	F	G	M
	PXA110040636001034	***8682**	F	R	M
	PXA110040327001034	***2754**	G	G	A
	PXA110000215770058	***6387**	L	M	M
	PXA110000215770069	***4839**	M	F	M
	PXA110000215770056	***5902**	P	G	M
	PXA110000215770068	***4039**	S	S	F
	SAC991000027001040	***5616**	V	I	I
	PXA110040532001023	***3059**	V	R	T
	PXA110000215770305	***7932**	A	M	J
	PXA110000215770308	***4812**	C	S	J
	PXA110040636001037	***1446**	C	M	J
	PXA110000215770300	***7921**	C	S	A
	PXA110040327001038	***0641**	O	V	M
	PXA110000215770293	***5824**	R	L	M
	PXA110000215770302	***7261**	R	V	J
	PXA110000215770303	***9383**	S	S	F
	PXA110000215770307	***9571**	S	C	J
	PXA110000215770301	***8712**	T	I	M

Categoría 49	Axente auxiliar de inspección de	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome

	transportes				
	IVC030000015770235	***5183**	S	B	L
	IVC991000315001230	***0638**	P	P	A
	IVC030000015770236	***9189**	R	D	L

Categoría 50	Técnico/a especialista en xardín de infancia	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	TRC994040227001012	***6013**	A	I	A
	TRC994040236560006	***0677**	D	R	M
	TRC994040236001010	***3105**	L	M	Y
	TRC994040332001009	***3935**	M	B	M
	TRC994040115770011	***5013**	M	C	M
	TRC994040436560008	***7861**	M	C	Y
	TRC994040115770008	***3658**	N	B	M
	TRC994040115001010	***5111**	P	S	M
	TRC994040236560004	***5156**	R	F	M
	TRC994040236560008	***4643**	V	F	R
	TRC994040215350007	***4236**	V	O	M
	TRC994040215001010	***1581**	V	P	O

Categoría 63	Oficial/a 1ª condutor/a Condutores/as 1ª ()	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PRC020000515770198	***3387**	A	A	J
	PRC020000515770206	***4601**	A	C	J
	PRC020000515001551	***3173**	B	C	J
	PRC020000515770174	***4616**	B	C	M
	PRC020000515770233	***7337**	B	M	J
	PRC020000527001323	***4217**	B	V	J
	PRC020000515770181	***1603**	C	C	J
	PRC020000536001426	***5492**	C	C	C
	PRC020000515770223	***5684**	C	F	F
	PRC020000515770227	***4558**	C	F	J
	PRC020000515770196	***1583**	C	M	C
	MRC991080136001116	***9919**	C	P	E
	PRC020000515770207	***7213**	C	R	X
	PRC020000515001291	***5327**	D	P	A
	PRC020000515770189	***4687**	D	R	J
	MRC995015032060026	***2104**	E	L	J
	PRC020000515770152	***4760**	E	S	M
	MRC995010027640026	***7223**	F	G	M
	PRC020000515770162	***7997**	F	M	J
	PRC020000515770163	***5350**	F	S	L
	PRC020000515770167	***4669**	G	D	E
	PRC020000515770240	***7983**	G	F	A
	MAC030040115001135	***4408**	G	H	L
	PRC020000515770153	***5176**	G	P	J
	PRC020000515770170	***9007**	G	P	J
	PRC020000515770159	***6462**	G	V	J
	PRC020000515770182	***1972**	G	V	J
	MRA112600315010170	***2126**	I	A	M
	PRC020000515770222	***3540**	L	C	J
	PRC020000515001271	***6501**	L	L	M
	MRC995003015580025	***5908**	L	S	E

PRC020000515770243	***1707**	M	H	F
PRC020000527001338	***4196**	M	P	J
PRC020000515770187	***4388**	N	A	R
PRC020000515770214	***5572**	N	C	P
PRC020000515770226	***5754**	P	L	M
PRC020000536560421	***4908**	P	M	B
MRC995013032090026	***4809**	P	P	J
IVA191000027001131	***5794**	P	S	J
PRC020000515770202	***6757**	R	C	A
PRC020000536001432	***8773**	R	L	R
MRC995016036240025	***1042**	R	M	J
IVA191000027001123	***4289**	R	N	J
PRC020000515770210	***8398**	R	R	G
MRC995003015580026	***4466**	R	V	J
PRC020000532001602	***4838**	T	P	J
PRC020000515770157	***6042**	V	G	J
MRC991080127001017	***5959**	V	V	G
PRC020000515770156	***7011**	V	V	M

Categoría 90	Animador/a sociocultural	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PSC070020115770060	***3396**	N	P	J
	PSC070020115770062	***8921**	R	A	M

Categoría 100	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	MRC995018236530040	***9099**	A	P	V
	MRC995017136420037	***5516**	A	R	F
	MRC995008227160035	***5420**	B	C	B
	MRC995005115910037	***9316**	C	C	C
	MRC995010127640040	***2303**	C	F	X
	MRC995019136590036	***6208**	C	G	A
	MRC995011132190038	***1156**	C	M	M
	MRC995017236090036	***7346**	D	G	L
	MRC995009327310034	***7665**	F	F	A
	MRC995010127640039	***2104**	G	C	J
	MRC995014132840079	***4331**	G	C	J
	MRC995013232230074	***2503**	L	R	L
	MRC995018136440040	***9149**	M	M	M
	MRC995014132840040	***1414**	P	P	M
	MRC995018136440039	***7824**	P	P	M
	MRC995005315440056	***9078**	R	C	P
	MRC995015232320043	***0862**	R	G	F
	MRC995008127300036	***4953**	R	R	J
	MRC995013132090078	***6293**	S	B	M
	MRC995003215060038	***3487**	T	A	A
	MRC995013132090041	***1980**	V	P	F

Categoría	Delineante de 1ª	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
-----------	------------------	-----	--------------------	--------------------	--------------

29					
	MAO310000015770156	***7060**	G	N	A

Categoría 78	Subgobernante/a	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PSC994080227001041	***4784**	L	P	M
	PSC994080115570069	***5183**	P	R	M
	PSC994080115570070	***2713**	P	S	M

Categoría 04	Gobernante/a. Gobernante/a servizos domésticos (..)	NIF	Inicial Apellido 1	Inicial Apellido 2	Inicial Nome
	PSC994080127085014	***5720**	C	L	A
	EDC994090115350038	***4708**	C	P	A
	PEC994030115350060	***6668**	F	M	S
	PSC994080115350030	***3061**	L	C	M